



Normandina pulchella (Borrer) Ryl.

Especie frecuente en zonas pouco ou nada contaminadas. Atópamola nos troncos das árbores directamente sobre a codia, tamén con frecuencia asociada a musgos (fotos 1,2,3) ou sobre outros líques (foto 4).

Talo formado por escamitas redondeadas, de 1-2 mm de ancho e de cor verde azulado. Poden medrar ailladas ou xuntas, superpoñéndose parcialmente entre si, formando o que se chama "talo escuamuloso" (fotos 2,3, 4).

As escamas teñen forma de ourella ou de cuncha, coas marxes reviradas cara dentro e sorediadas (fotos 3, 4), en raras ocasións, os soredios poden espallarse por todo o talo.

En Galicia non se atopou con apotecios.

Fotobionte: alga verde.

Reaccións: todas negativas.